

PROGRAMACIÓN DLG

CURSO 2023-2024

CEIP PLURILINGÜE DE VITE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. OBXECTIVOS XERAIS
3. PROPOSTA DE ACTIVIDADES A NIVEL CENTRO DENTRO DA TEMÁTICA ANUAL “CULTIVARTE; O ARTISTA QUE LEVO DENTRO”
 - A OBXECTIVOS
 - B ACTIVIDADES TIPO
 - C ACTIVIDADES CONSOLIDADAS
4. CONMEMORACIÓN ANUAIS:
 - A ACTIVIDADES A REALIZAR NO PRIMEIRO TRIMESTRE
 - B ACTIVIDADES A REALIZAR NO SEGUNDOTRIMESTRE
 - C ACTIVIDADES A REALIZAR NO TERCEIRO TRIMESTRE
 - D ACTIVIDADES A REALIZAR DURANTE TODO O CURSO
5. PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
6. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Composición do equipo de Dinamización: Beatriz V. García Precedo (coordinadora), M^a Teresa Márquez Fernández, Antía Barreiro López, Isabel Calvo Lema e Luisa Garrido García.

Non se pode concebir a realización de actividades, campañas e calquera outra proposta de dinamización que non teñan un fío común que permita a globalización das mesmas.

Pretendemos unha dinamización xeral do centro na que todas as persoas que traballamos no mesmo nos sintamos incluídos, cadaquén dentro das súas posibilidades.

2. OBXECTIVOS XERAIS

- Favorecer a lingua e a cultura galegas como referentes nas actividades de dinamización:
 - Contacontos, lecturas, dramatizacións, cancións, traballos de creación propia...
 - Participación en actividades propostas online por organismos ou institucións que permitan afondar no coñecemento da lingua e da cultura de Galicia.
 - Incorporación de todo tipo de recursos en soporte tradicional e en soporte dixital.
 - Promover unha aprendizaxe creativa coa utilización de diferentes recursos dixitais como medio facilitador para a adquisición de coñecemento.
 - Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado: os alumnos/as son protagonistas e deben experimentar, crear, compartir e aprender con entusiasmo.

- Favorecer a atención á diversidade:
 - Procurar que o alumnado utilice aquelas ferramentas que se adapten mellor ás súas capacidades.
 - Posibilitar que o alumnado poida participar, na medida das súas capacidades, nos proxectos relacionados coa campaña de dinamización.

3. PROPOSTA DE ACTIVIDADES A NIVEL CENTRO DENTRO DA TEMÁTICA ANUAL “AGROXOGO: VITE EN VERDE”

O tema elixido debería estar conectado e integrado ao longo do curso. En cada aula estableceranse as vías para afondar no mesmo, procurando darlle visibilidade. Haberá propostas a nivel de centro que se concretarán no seu momento.

Preténdese fomentar o coñecemento dos diferentes xogos tradicionais galegos: estornela, peonza, billarda,...

A OBXECTIVOS

- Coñecer os diferentes xogos populares.
- Aprender a respectar noso patrimonio cultural.
- Apreciar os xogos populares tanto da nosa cultura como de outras culturas.
- Amosar respecto por tradicións propias da cultura galega.
- Traballar en equipo respectando as ideas alleas.
- Apreciar a lectura a través de libros, relatos, etc. relacionados co xogo.

B ACTIVIDADES TIPO

- Investigar sobre xogos populares da nosa cultura.
- Aprender distintos xogos populares adaptados ao noso alumnado.
- Incorporar os xogos populares nos recreos.
- Asistir a exposicións sobre a temática deste curso escolar.
- Intentar ambientar as distintas conmemoracións dentro do tema elixido.

C ACTIVIDADES CONSOLIDADAS

Ademais da campaña anual “Agroxogo: Vite en verde” seguiremos dando continuidade as actividades ambientais traballadas na campaña plurianual “A contorna cousa nosa” que vimos realizando hai anos no Centro e que teñen unha gran aceptación entre o alumnado:

- Composteiro: realizado por todos os discentes do centro. Cada semana un aula encargárase dos residuos orgánicos do recreo e os levarán ao composteiro.
- Horto: cada aula plantará no horto verduras de temporada que posteriormente degustarán no obradoiro de cociña.

- Xardín vertical: cada aula terá que replantar e coidar o xardín adxudicado.

CONMEMORACIÓNS ANUAIS

Segundo a lexislación vixente, celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións/ celebracións (algunhas a nivel de aula e outras a nivel xeral de centro) : Samaín e o Medo, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día Internacional da Muller, Día Mundial dos Dereitos de Consumidor, Semana da Prensa, Día do Libro, Día de Europa, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente.

A ACTIVIDADES A REALIZAR NO PRIMEIRO TRIMESTRE

- Magosto. Degustaremos este produto típico do outono coa axuda da AMPA, que se encargarán de asar e repartir as castañas .
- Mes da Ciencia en galego. Realización de experimentos na aula por parte do alumnado. Nos visitará un científico que nos explicará o funcionamento de distintos experimentos.
- Semana do peón. Os discentes decorarán o seu peón na clase e utilizarán o mesmo nos xogos do recreo. Por último bailaremos todos xuntos o peón no Magosto.

B ACTIVIDADES A REALIZAR NO SEGUNDO TRIMESTRE

- Entroido. O alumnado virá da casa cun disface (elaborado con material de refugallo e/ou roupas que haxa na casa, evitando mercar cousas novas) relacionado coa temática anual. Desfile dos discentes disfrazados polas instalacións do centro.

C ACTIVIDADES A REALIZAR NO TERCEIRO TRIMESTRE

- Letras Galegas. Actividade en colaboración co equipo de Biblioteca e aínda sen determinar para coñecer a figura de Luisa Villalta.
- Os Maios. Traballaremos esta festa popular en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares.

PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaremos actividades fóra do centro educativo, tanto de maneira presencial como telemáticamente:

- Visita á Biblioteca Anxel Casal (EI e EP)
- Visita ao Instituto (alumnado de 6º de EP)(Organizado polo Departamento de Orientación e Titora).
- Visitas a exposicións e museos da cidade.
- Participación nos programas do Centro Sociocultural de Vite, do Auditorio de Galicia e o Teatro Principal tales como obras de teatro, concertos, títeres, audicións, etc.
- Realización das actividades ofertadas polo Concello.
- Participación en concursos, programas, actividades deportivas e culturais variadas.
- Calquera outra actividade na que se participe, que se considere de interese didáctico e que xurda ao longo do curso.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

O profesorado participante, valorará as distintas actividades realizadas, en colaboración co alumnado participante.

FICHA DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS

NOME DA ACTIVIDADE OU SAÍDA:			
PROFESORADO PARTICIPANTE:			
DATA:	LUGAR:	DURACIÓN:	CURSO:
A actividade foi axeitada ao pretendido.		SI	NON
A actividade foi axeitada á idade do alumnado.		SI	NON
A actividade é recomendable para repetir outros cursos.		SI	NON
A os alumnos/as gustoulles a actividade e disfrutaron con ela.		SI	NON
Aspectos que sería positivo cambiar:			
Outras observacións:			

Santiago de Compostela, a 26 de setembro de 2023.



Asdo: Beatriz V. García Precedo.